

## As negociacións do XII Convenio de Educación Infantil non avanzan


A CIG-Ensino, ante o inmovilismo e involucionismo que están a ofrecer as patronais, e de non mudar na seguinte mesa de negociación, trasladará as demais OO.SS a súa intención de convocar mobilizacións.

### 5ª mesa de negociación. 16 marzo

Comeza a reunión a Presidencia da Mesa Negociadora cuestionando a acta. Logo de 2 recesos por discrepancias na acta da 4ª reunión, pois recollíanse intervencións que non se axustaban ao falado e principios de acordo nos que se volveron atrás ou que estaban condicionados ao transcorrer das negociacións, acabouse asinando (un exemplo: as diferenzas de funcións entre mestra e educadora non as acepta a patronal nos termos expostos pola parte social deixando as dúas definicións pendentes de negociación para buscar unha redacción que convenza ás 2 partes).

Logo continuase analizando as propostas formuladas para o **Capítulo IV. Clasificación Profesional**, chegando aos seguintes acordos:

- Acéptase a estrutura de grupos funcionais e postos de traballo presentado polas organizacións patronais na proposta enviada e xa previamente tratada na anterior reunión, así como a inclusión do Anexo 1 como un novo artigo denominado *Definición de postos de traballo* e a creación doutro novo artigo *Cargos Directivos Temporais* co obxectivo de darlle coherencia ao redactado.
- Acéptase a proposta de redactado para os catro primeiros parágrafos introdutorios do Artigo 8. Clasificación Profesional (nada transcendente, temas legais).
- Para o Grupo II acórdase o seguinte redactado: Grupo II. Persoal de servizos complementarios. Persoal especializado: logopeda, psicólogo, enfermeiro, médico, orientador, pedagogo, asistente social,...
- Acórdase a eliminación do Grupo Profesional *Outros: contratado para a formación*. (hai un artigo específico de contratos de formación)
- Acórdase o redactado do artigo Cargos Temporais Directivos coa introdución do posto de *Coordinador/a* neste Grupo Profesional, deixando para a súa análise o contido deste posto de traballo por parte da patronal.
- Para o novo artigo *Definición de Postos de Traballo* analízanse as definicións de redactado dos postos de Mestre/a, Educador/a Infantil, Auxiliar (este coa



esixencia do titular ou titor na aula) e de novo se debaten diferentes propostas nos 2 primeiros, quedando pendente, como dixen antes, dun texto que convenza a ambas partes.

- Acéptase a definición e contido do Grupo II: persoal de servizos complementarios.
- Acéptase deixar como estaba o Grupo III. Persoal de administración e servizos. Non se recollen as categorías de condutor e conserxe.
- En relación ao *Teacher* do Grupo I. Persoal de Aula, analízase e débátese a proposta dunha parte social, formulando o banco patronal que non existe unha necesidade real da introdución desta figura no Convenio por considerala unha función transversal. Nós xa opinamos deste tema. Aceptaríase a súa non inclusión...

**En materia de xornada** analízanse as propostas presentadas previamente polo banco patronal e polo sindical, explicando os diversos aspectos e quedando para unha análise máis pormenorizada do contido das mesmas por parte de todas as organizacións, pois as distancias eran moi grandes e ían en sentidos distintos. A patronal propón flexibilizar xornada eliminando as referencias semanais e aumentar en 131 horas a xornada anual das mestras, mantendo as das demais categorías. Desde a parte social, redución das xornadas semanais, ou, caso de mantelas, marcar unha porcentaxe de non lectivas; e as anuais axustalas á semanal pois están infladas.

**Sobre o Artigo 2. Ámbito Funcional**, o banco sindical solicita poder realizar un estudo máis pormenorizado ás asesorías xurídicas dos seus gabinetes antes de dar unha resposta á proposta de redactado formulada polas organizacións patronais. Simples temas legais e aceptárase.

## **6ª mesa negociación. 20 abril**

No que respecta á **Clasificación Profesional**, as definicións das funcións de mestra e educadora, logo de darlle unha volta máis, quedan pendentes de consenso aínda, non querendo a patronal eximir de ter que facer as programacións ás educadoras (como veremos despois na xornada, tampouco aceptan unha porcentaxe de xornada non lectiva...). No novo artigo de Cargos directivos temporais, a patronal aceptaría o posto de coordinadora, eliminando a directora pedagóxica, concretándose os cargos en Directora, Subdirectora e Coordinadora Pedagóxica. A parte social non o ve claro, polo que queda pendente, así como a transitoria que se debe redactar para introducir no convenio e garantir que os contratos actuais de cargos se manteñan como tales non podendo pasar a ser temporais ou cesalos no cargo.

### **Capítulo V – Artigo 9. Xornada de traballo.**

**A proposta da patronal** segue sendo totalmente inmovilista e involucionista pretendendo unha flexibilidade total da xornada, **eliminando a referencia semanal e mantendo só a anual, estando dispostos, a cambio, a reducila en 8 h. a anual aos educadores e resto de persoal** (educador pasaría a 1653 h. e o resto de persoal a 1696 h.) **e retirando a proposta de incremento da de mestra e deixándoa como está** en 1398 h. Ademais **habería que revisar a IT (baixas médicas) e as bolsas á baixa, así como non aplicar a retroactividade salarial** (conxelación das táboas pendentes, negociando só subida dende as deste ano 2018 en adiante).

**A contraproposta social**, logo dun receso, decidiu dar unha resposta nos mesmos termos que a dada pola patronal (a cal calificamos de sen xeito, por mesturar temas, e inaceptable...):

Estariamos dispostos a negociar a “flexibilidade laboral”, pero con estas condicións:

- 1. Adaptando a xornada anual, que está inflada, á semanal actual** (iso xa suporía unha redución superior ás 8 h. que facedes vós). **Ademais un 15% da xornada non sería lectiva, para o persoal de aula.**
- 2. Revisión salarial** da proposta social: **nas táboas xerais (centros privados) suba do 2%, 3% e 3% nos anos 2016, 2017 e 2018, respectivamente.** Nos **centros de obras sociais un 1% a maiores** e nos **centros privados de titularidade pública un 5% a maiores.** Desde CIG-Ensino engadimos que as categorías que estean por debaixo do salario medio galego (17.700€, podería negociarse esta cantidade...), teñan a suba lineal para todos eles, na cantidade que lle corresponda a ese salario medio.
- 3. Que o complemento de IT quede igual que está.**
- 4. Horas extras ao 150%.**

### **Capítulo VIII – Artigo 31. Vacacións.**

**Proposta patronal**, un mes tal e como recolle o convenio actual, pero **o devengo será dende o 1 de setembro ao 31 de agosto do ano seguinte**, é dicir, por curso escolar no canto de ano natural. **Os 10 días laborables a maiores pasarán a permisos retribuídos, por asuntos propios, que serán só sete.**

**Contraproposta social**, inaceptable perder días de vacacións. **No canto dun mes**, débense recoller, para unha mellor xestión deles e evitar conflitos, **23 días laborables** e como máximo en 2 períodos a gozar. Os 10 a maiores manteranse tal cal están.

**Sobre os permisos retribuídos, deben pasarse todos a laborables**, segundo recolle a sentenza do supremo, agás os de matrimonio. Tamén se deben **recoller días de asuntos propios**, así como novos permisos para unha mellor conciliación laboral das traballadoras. **Aceptariamos o período de devengo das vacacións, por curso escolar e non ano natural.**

Queda convocada a **seguinte mesa de negociación para o 10 de maio** en ACADE, Madrid.

## **OS NOSOS LOCAIS**

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal